XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Francisco Asorey
Rúa Os Caeiros,25
Cambados

I.E.S. Asorey

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 27 de agosto de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG 04/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e ó establecido no artigo 55 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), redactado segundo o establecido nas disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), **corresponde renovar no actual** proceso electoral a **tres profesores/profesoras,** dun total de **sete que debe ter o Consello Escolar**. Adicionalmente existen **tres vacantes** correspondentes á **renovación parcial anterior.** Os postos da renovación actual cubriranse cos candidatos máis votados e as vacantes cos seguintes en número de votos, debendo renovarse na seguinte elección parcial.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir do día da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 9 de novembro de 2026**.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 3 de novembro.

4.- Os/As candidatos/as dispoñen do período comprendido entre os días **16 e 18 de novembro de 2026**, ámbolos dous incluídos, para realizar a súa campaña electoral.

5.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

6.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de cinco nomes** da lista de candidatos/as. O voto será directo, secreto e non delegado.

8.- Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **10 de novembro, ás 12:25 horas**.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Cambados , 23 de outubro de 2026

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN · I.E.S. "ASOREY" · CAMBADOS

Asdo.: David Touceda Bugallo